

## **Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Repsol Petróleo S.A para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas**

Santiago de Compostela, 24 de maio de dous mil trece

### **REUNIDOS**

Dunha parte, don Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

E doutra, don Luis Felipe Llamas Gómez, na súa condición de Director do Complexo Industrial de Repsol Petróleo, S.A. en A Coruña como representante legal desta, segundo consta no poder outorgado ante a notaría de don Carlos Rives Gracia, con data 1 de marzo de 2011, e número de protocolo 509.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas,

### **EXPOÑEN**

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

2º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema

Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

3º. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

4º. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, a empresa e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a empresa colaboradora, e empregarase un réxime de bolsas.

5º. Que a empresa Repsol Petróleo S.A está disposta a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade de formación coa participación da empresa, na que esta facilita aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos. O alumnado non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa, non podendo establecerse entre este e aquela ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación, previstos nos artigos 11 e 12 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que os alumnos acollidos a este réxime de bolsas quedan absolutamente excluídos da lexislación laboral.

6º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Repsol Petróleo S.A para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na nosa comunidade autónoma. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións da empresa Repsol Petróleo S.A e no IES A Sardiñeira.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

## **CLÁUSULAS**

**Primeira.** Este proxecto de formación profesional dual ten carácter experimental e ten as seguintes características:

- a. Toma como referencia os currículos oficiais implantados na comunidade autónoma de Galicia, neste caso concreto o establecido no 63/2010, do 25 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en química industrial.
- b. Terá unha duración desde setembro de 2013 ata o 15 de setembro de 2015.
- c. A formación impartirase compartidamente entre o centro educativo e a empresa, que garante a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo de "química industrial", e a obtención do título de "técnico superior en química industrial".

- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, incorpórase formación complementaria á establecida no currículo do ciclo formativo correspondente, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade.

**Segunda.** As concrecións deste proxecto experimental de formación profesional dual para o ciclo formativo de química industrial (distribución da formación curricular do ciclo formativo, distribución global do proxecto, temporalización dos módulos profesionais e adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia) están recollidas no anexo a este convenio. A programación de cada un dos módulos profesionais para cada curso académico nos que se desenvolve o proxecto, á que se refire o artigo 30 do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, incorporárase como addenda a este convenio con carácter previo ao inicio do curso correspondente.

**Terceira.** A empresa Repsol Petróleo S.A comprométese a acoller nas súas instalacións a un máximo de 15 alumnos/as para este proxecto experimental de formación profesional dual. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos na orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autorice este proxecto experimental de formación profesional dual.

A empresa Repsol Petróleo S.A realizará a selección do alumnado admitido a partir das solicitudes presentadas polas persoas que cumpran os requisitos de admisión. Para tal fin, a empresa realizará nunha primeira fase as probas de coñecementos e capacitación profesional e, nunha segunda fase, e para quen supere as anteriores probas, as entrevistas psicoprofesionais, para seleccionar as persoas que mellor se axusten ao perfil de maior aproveitamento da formación.

**Cuarta.** Consonte o establecido na cláusula cuarta do protocolo de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e FEUGA, o réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. A empresa Repsol Petróleo S.A, en virtude deste convenio, adquire o estatus de entidade colaboradora do Programa de Bolsas Formación Profesional Dual (PBFpd). A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria informará a FEUGA da sinatura deste convenio para desenvolver un proxecto de formación profesional dual no réxime de bolsas.
- b. Para a efectividade da bolsa, a empresa Repsol Petróleo S.A doará a FEUGA, por cada alumno ou alumna do proxecto, en períodos mensuais con carácter irrevogable, salvo polas

causas legalmente previstas, un importe mínimo que se fixará tomando como base o soldo mínimo interprofesional publicado para cada ano de duración do proxecto en proporción ao tempo de traballo efectivo, entendendo por tempo de traballo efectivo a porcentaxe que figura como tal no anexo a este convenio. O importe da doazón inclúe as bolsas do alumno ou da alumna, a cotización ao réxime xeral da Seguridade Social, as retencións tributarias exixibles e os gastos de xestión de FEUGA. Os ingresos deberán facerse efectivos nun número de conta da que é titular FEUGA e do que será informada a empresa.

- c. Para os efectos do disposto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, FEUGA expediralle á empresa Repsol Petróleo S.A a certificación da doazón á que alude o artigo 24 da lei, no momento en que esta se fixer efectiva.
- d. Para a efectividade do réxime de bolsas, as empresas colaboradoras e as persoas bolseiras deberán, en todo momento, cumprir os requisitos establecidos na normativa que regula os proxectos de formación profesional dual e neste convenio.

**Quinta.** Consonte o artigo 20 do citado Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, sobre as titorías vinculadas ao convenio, a empresa Repsol Petróleo S.A nomeará unha persoa como titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento do acordo para a actividade formativa anexo ao convenio. Ademais, deberá elaborar, ao finalizar a formación en empresa do alumno ou alumna, un informe sobre o desempeño.

Así mesmo, o centro formativo designará un profesor ou profesora, ou formador ou formadora, como titor ou titora responsable da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Así mesmo, esta persoa será a interlocutora coa empresa para o desenvolvemento da actividade formativa establecida no convenio.

**Sexta.** Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída por:

En representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

- A persoa titular da subdirección xeral de formación profesional ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da dirección do IES A Sardiñeira.
- O profesor titor ou a profesora titora do centro educativo.

En representación da empresa Repsol Petróleo S.A.

- Samuel Acuña Calviño.
- Ignacio Trapiella Nieto.
- José Ortuño Vilurbina.

En representación da Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA)

- A persoa titular da subdirección xeral de FEUGA ou persoa en quen delegue.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria actuará como secretario ou secretaria.

**Sétima.** O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

**Oitava.** Este convenio extinguirase por finalización do tempo convindo e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou da empresa.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre o centro docente e a empresa.

**Novena. Carácter administrativo do convenio.**

Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdisen na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**O Conselleiro de Cultura, Educación  
e Ordenación Universitaria**


**O Director do Complexo Industrial da  
Coruña da Empresa Repsol Petróleo, S.A.**

**Asdo.: Jesús Vázquez Abad**

**Asdo.: Luís Felipe Llamas Gómez**

# 1. ANEXO

## 1.1 Distribución da formación curricular do ciclo formativo



CF: ciclo formativo.

FCT: formación en centros de traballo.

FCCE: formación curricular centro/empresa.

FEM: formación en empresa.

FCE: formación en centro educativo.

FP dual					
			Curso 13-14	Curso 14-15	TOTAL
Formación curricular	Centro educativo	Formación centro educativo (FCE) (66 %)	544	508	1052
	Empresa	Formación en empresa (FEM) (34 %)	279	259	538
<b>Total</b>			<b>823</b>	<b>767</b>	<b>1590</b>





## 1.2 Distribución global do proxecto

<b>Curso 2013-2014</b>	FCE 544 h (32 %)	FEM 279 h (16 %)	T 852 h (50 %)	FCO 29 h (2 %)
----------------------------	------------------------	------------------------	----------------------	----------------------

<b>Curso 2014-2015</b>	FCE 508 h (30 %)	FEM 259 h (15 %)	T 941 h (55 %)	
----------------------------	------------------------	------------------------	----------------------	--

FCE: formación en centro educativo.

FEM: formación na empresa.

FCO: formación complementaria.

T: traballo.

FP dual						
				Curso 13-14	Curso 14-15	Total
Formación curricular	Centro educativo	Formación centro educativo (FCE) (32 %) (26 %)		544 h	508 h	1052 h
		Formación en empresa (FEM) (16 %) (13 %)		279 h	259 h	538 h
Traballo/ formación en empresa (TFE)	Empresa	Traballo/formación complementaria (TFC)	Traballo (50 %) (55 %)	852 h	941 h	1793 h
			Formación complementaria (2%) (0 %)	29 h	- h	29 h
<b>Total</b>				<b>1704 h</b>	<b>1708 h</b>	<b>3412 h</b>

Formación curricular.

Traballo/formación complementaria.



## 1.3 Temporalización dos módulos profesionais

### 1.3.1 Curso 2013-2014

#### 1.3.1.1 Planificación

Curso 2013 - 2014											
Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.
Formación no centro educativo (FCE) (544 h)						Traballo / formación na empresa (TFE) (1160 h)					

#### 1.3.1.2 Organización dos módulos profesionais

##### Período setembro - febreiro

Ano	Código módulo	Nome módulo	Horas totais módulo	Horas FCE	Horas FEM
1	MP0185	Organización e xestión en industrias químicas.	70	46	0
1	MP0186	Transporte de sólidos e fluídos.	160	106	0
1	MP0188	Operacións básicas na industria química.	266	176	0
1	MP0189	Reactores químicos.	140	92	0
1	MP0194	Prevenção de riscos en industrias químicas.	80	53	0
1	MP0196	Formación e orientación laboral.	107	71	0
<b>TOTAL</b>			<b>823</b>	<b>544</b>	<b>0</b>

##### Período marzo - xuño

Ano	Código módulo	Nome módulo	Horas totais módulo	Horas FCE	Horas FEM
1	MP0185	Organización e xestión en industrias químicas.	70	0	24
1	MP0186	Transporte de sólidos e fluídos.	160	0	54
1	MP0188	Operacións básicas na industria química.	266	0	90
1	MP0189	Reactores químicos.	140	0	48
1	MP0194	Prevenção de riscos en industrias químicas.	80	0	27
1	MP0196	Formación e orientación laboral.	107	0	36
<b>TOTAL</b>			<b>823</b>	<b>0</b>	<b>279</b>



## 1.3.2 Curso 2014-2015

### 1.3.2.1 Planificación

Curso 2013 - 2014											
Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.
Formación no centro educativo (FCE) (508 h)					Traballo / formación na empresa (TFE) (1200 h)						

### 1.3.2.2 Organización dos módulos profesionais

#### Período setembro - febreiro

Ano	Código módulo	Nome módulo	Horas totais módulo	Horas FCE	Horas FEM
2	MP0187	Xeración e recuperación de enerxía.	157	104	0
2	MP0190	Regulación e control de proceso químico.	210	139	0
2	MP0191	Mantemento electromecánico en industrias de proceso.	133	88	0
2	MP0192	Formulación e preparación de mesturas.	107	71	0
2	MP0193	Acondicionamento e almacenaxe de produtos químicos.	107	71	0
2	MP0197	Empresa e iniciativa emprendedora	53	35	0
<b>TOTAL</b>			<b>767</b>	<b>508</b>	<b>0</b>

#### Período marzo - xuño

Ano	Código módulo	Nome módulo	Horas totais módulo	Horas FCE	Horas FEM
2	MP0187	Xeración e recuperación de enerxía.	157	0	53
2	MP0190	Regulación e control de proceso químico.	210	0	71
2	MP0191	Mantemento electromecánico en industrias de proceso.	133	0	45
2	MP0192	Formulación e preparación de mesturas.	107	0	36
2	MP0193	Acondicionamento e almacenaxe de produtos químicos.	107	0	36
2	MP0197	Empresa e iniciativa emprendedora	53	0	18
<b>TOTAL</b>			<b>767</b>	<b>0</b>	<b>259</b>



## 1.4 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

### 1.4.1 Curso 2014-2015

#### Cualificacións profesionais completas

<p>▪ <b>a) Organización e control de procesos de química básica, QUI181_3 (Real decreto 1228/2006, do 27 de outubro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:</b></p>
<p>– UC0574_3: Organizar as operacións da planta química.</p>
<p>– UC0575_3: Verificar o acondicionamento de instalacións de proceso químico, de enerxía e auxiliares.</p>
<p>– UC0576_3: Coordinar os procesos químicos e de instalacións de enerxía e auxiliares.</p>
<p>– UC0577_3: Supervisar os sistemas de control básico.</p>
<p>– UC0578_3: Supervisar e operar os sistemas de control avanzado e de optimización.</p>
<p>– UC0579_3: Supervisar o axeitado cumprimento das normas de seguridade e ambientais do proceso químico.</p>
<p>▪ <b>b) Organización e control dos procesos de química transformadora, QUI247_3 (Real decreto 730/2007, do 8 de xuño), que abrangue as seguintes unidades de competencia:</b></p>
<p>– UC0574_3: Organizar as operacións da planta química.</p>
<p>– UC0787_3: Verificar a formulación e a preparación de mesturas de produtos químicos.</p>
<p>– UC0788_3: Coordinar e controlar o acondicionamento e a almacenaxe de produtos químicos.</p>
<p>– UC0577_3: Supervisar os sistemas de control básico.</p>
<p>– UC0579_3: Supervisar o axeitado cumprimento das normas de seguridade e ambientais do proceso químico.</p>